



A Federación comeza o ano con varias reunións dos seus órganos

O pasado 2 de xaneiro o Presidente da Federación Galega de Caza reuniuse cos Presidentes Provinciais para facer unha primeira avaliación do ano cinxético que termina, así como para diseñar as liñas mestras a desenvolver neste ano 2007 e facer unha primeira lectura das inxedanzas dos cazadores neste momento.

Posteriormente o día 10 reuniuse a Comisión Delegada, órgano con competencias importantes que representa fielmente a composición da Asemblea Xeral e que se reúne alo menos tres veces ó ano. A Comisión Delegada coñeceu os traballos do novo equipo da Federación nos últimos meses; presentóuselle o borrador das directrices para as actuacións no presente ano, así como a proposta dos prezos das licencias federativas e documentos únicos para a tempada 2007. Pola súa parte os membros da Comisión Delegada puxeron sobre a mesa as inxedanzas das sociedades de caza e as dos cazadores para tentar encauzalas e ver de encontrarlles solucións.

Proximamente reuniranse os compoñentes das diferentes áreas de traballo para comezar a desenvolver as ideas propostas nas anteriores reunións.



A Comisión Delegada da FGC reuniuse o día 10 de xaneiro

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com